



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Historia do ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	Código	652609912	
Titulación	7 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Linguas Extranxeiras			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es	
Profesorado	Puente Castelo, Luís Miguel	Correo electrónico	luis.pcastelo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia estuda a evolución dos métodos de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras. Identificaranse e analizaranse os métodos máis importantes así como os marcos teóricos nos que se encadran.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A3	(CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A10	(CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade
A13	(CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	(CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	(CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A33	(CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer a historia do ensino e a aprendizaxe das linguas estranxeiras desde a antigüidade até os nosos días.	AP15		CM2
	AP17		CM6
	AP18		



Coñecer os principais métodos de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, o contexto histórico no que xurdiron, os factores que influíron na súa aparición e o aparello teórico que os sustenta.	AP10 AP13 AP14 AP15 AP17 AP18 AP19	CM2 CM4 CM6
Ser capaz de avaliar criticamente os diferentes métodos de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras e o seu rol na conformación dos procesos de ensino de linguas estranxeiras hoxe en día.	AP10 AP13 AP14 AP15 AP19 AP27	CM2 CM4 CM6
Ser capaz de aproveitar elementos dos diferentes métodos de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras para o seu labor docente e, nomeadamente, na planificación de sesións lectivas.	AP1 AP3 AP10 AP13 AP14 AP15 AP18 AP27 AP33	CM2 CM3 CM4 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
0. Introducción	Preguntas, Conceptos e Definicións
1. Ensinando linguas antes do S.XVIII	1.1 Os comezos: Mesopotamia, Exipto, Grecia, Roma. 1.2 Ensinanza de linguas no Medievo: Escolasticismo e Lingua. 1.3 O Renacemento 1.4 Post-Renacemento: As tradicións gramatical vs. conversacional.
2. O período clásico (1750s-1880s)	2.1 O Grammar-Translation Method
3. O período da Reforma (1880s-1920s)	3.1 Contexto histórico e necesidade da reforma. 3.2 Pre-reformadores 3.3 O Movemento de Reforma Europeo 3.4 A Natural Approach 3.5 O Direct Method
4. Cara a un ensino baseado na ciencia (Desde os 1920s)	4.1 Contexto e o Oral Method de Palmer. 4.2 Métodos Estruturalistas e o SLT 4.3 O Audio-lingual Method.
5. Métodos Comunicativos	5.1 Aparición. O Threshold level project e os programas nocionais-funcionais. 5.2 Communicative Language Teaching 5.3 Task Based Language Teaching 5.4 Content and Language Integrated Learning.
6. Métodos Humanísticos	6.1 Principios Xerais 6.2 Total Physical Response (TPR) 6.3 The Silent Way 6.4 (De)Suggestopedia
7. Recapitulando	7.1 A Post-Method Era

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A3 A10 A13 A15 A18 A27 C2 C3 C4 C6 C7	10	20	30
Presentación oral	A1 A3 A10 A13 A15 A18 A27 A33 C2 C3 C4 C6 C7	6	17	23
Portafolios do alumno	A15 A17 A19 C2 C4 C6 C7	2	8	10
Obradoiro	A3 A13 A14 A15 A17 A18 A27 C2 C4 C6	10	25	35
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en parellas ou grupos reducidos para optimizar a aprendizaxe.
Presentación oral	O alumnado participará nunha presentación oral en grupo sobre un dos métodos estudados.
Portafolios do alumno	O alumnado elaborará un portafolios que incluíra fichas de sobre os distintos métodos de ensino de idiomas.
Obradoiro	Taller orientado a identificar os diferentes estilos de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado que necesite atención personalizada será atendido nas horas de titorías. Como parte da avaliación do traballo de Aprendizaxe Colaborativa, realizarase unha sesión de Atención Personalizada por grupo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A3 A13 A14 A15 A17 A18 A27 C2 C4 C6	Conxunto de pequenas tarefas a realizar durante o curso.	30
Aprendizaxe colaborativa	A1 A3 A10 A13 A15 A18 A27 C2 C3 C4 C6 C7	Realización dun traballo en grupo sobre a utilidade e a aplicación dos diferentes métodos ao desempeño docente hoxe en día.	30
Portafolios do alumno	A15 A17 A19 C2 C4 C6 C7	Realización dun portafolios individual cunha ficha por cada un dos métodos estudados.	20
Presentación oral	A1 A3 A10 A13 A15 A18 A27 A33 C2 C3 C4 C6 C7	Presentación oral do traballo en grupo, que recibirá unha avaliación individual.	20

Observacións avaliación



Entrega de traballos:

Aplicarase unha penalización do 25% aos traballos presentados fóra de prazo sen causa xustificada. Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0. Poderanse empregar programas específicos de detección do plaxio. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copia de traballos, copia de exames, etc.) penalizarase, de acordo ao establecido no Regulamento Disciplinar do Estudiantado da UdC, artigos 10.3.f e 11.4.b, co suspenso en ambas oportunidades.

Cualificación de Non Presentado (NP):

Para obter a cualificación de Non Presentado (NP) o estudiantado deberá non ter entregado nin o traballo en grupo (Aprendizaxe Colaborativa) nin a presentación oral.

Corrección Lingüística:

As tarefas deben atender os requisitos mínimos de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, gramática, precisión léxica e rexistro) propios do nivel esperado para o alumnado que cursa a materia. Deficiencias nesta área serán penalizadas.

OPORTUNIDADE DE XULLO:

O estudiantado que non supere a materia na primeira oportunidade terá que acudir á oportunidade de xullo, que terá a mesma ponderación das diferentes actividades de avaliación mais na que os diferentes traballos serán substituídos por novos traballos específicos. As partes da materia superadas (máis do 50% da nota) na primeira oportunidade non poderán ser repetidas na oportunidade de xullo. OPORTUNIDADE ADIANTADA: Na oportunidade adiantada, o estudiantado terá que presentar o portafolios, e realizar un traballo similar ao traballo en grupo, así como expoñelo oralmente. A ponderación é como segue: Traballo escrito: 40% Presentación oral: 30% Portafolios: 30% O estudiantado que se presente á Oportunidade Adiantada deberá contactar co profesorado para recibir indicacións específicas.

DISPENSA ACADÉMICA:

O estudiantado con dispensa académica oficialmente recoñecida será avaliado segundo as indicacións para a oportunidade de xullo, mantendo as mesmas porcentaxes da avaliación e realizando as adaptacións dos traballos necesarias por motivos de presencialidade. O estudiantado nesta situación deberá poñerse en contacto co profesorado tan pronto como teña coñecemento da mesma.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Atkinson, Dwight (2011). Alternative approaches to second language acquisition . New York: Routledge
 - Brown, Douglas H. (2007). Principles of Language Learning and Teaching. White Planes, NY, Pearson
 - Brown, Douglas H. (2007). Teaching by Principle. White Planes, NY, Pearson
 - Kumaravadivelu, B (2004). Beyond Methods. New Haven, Yale University Press
 - Kumaravadivelu, B (2008). Understanding Language Teaching. New Jersey, Lawrence Erlbaum Associates
 - Larsen-Freeman, Diane (2004). Techniques and Principles in Language Teaching. Oxford, OUP
 - Littlewood, William (2002). Communicative Language Teaching. Cambridge, CUP
 - Nunan, David (2004). Task-based Language Teaching. Cambridge, CUP
 - Richards, Jack (2001). Approaches and Methods in Language Teaching. Cambridge, CUP
 - Thornbury, Scott (2006). An A?Z of ELT. Macmillan Books for Teachers
 - Thornbury, Scott (). An A?Z of ELT. <http://scottthornbury.wordpress.com/index/>
 - Tanner, Rosie & Catherine Green (2009). Tasks for Teacher Education. London, Longman
- Proporcionarase bibliografía específica adicional para cada método.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Deseño curricular e didáctica da lingua estranxeira/652609921

Recursos, estratexias e materiais didácticos na aula de linguas estranxeiras/652609922

Metodoloxía do ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira/652609923

Avaliación do ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira/652609924

Proxectos de innovación e investigación educativa en linguas estranxeiras/652609E31

Materias que continúan o temario

Observacións



Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. ?Medidas de apoio á diversidade

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

Medidas de apoio á igualdade

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

Traballarase para identificar e modificar prexuizados e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías